

11 de xuño celebramos o Día do Socio co tradicional Encontro no Monte Castelo.

Primeira gran xuntanza despois da pandemia. "Sairemos mellores" dicían algúns... bueno saímos como puidemos, os que tivemos a sorte de saír, pero mellores...habería moito que palicar.

Sexa como fose, ahí estabamos á mañanciña no kilómetro cero da nosa ruta circular para subir ao monte, compartir e celebrar.

Connosco un bo número de "primos-irmáns" asturianos e unha representación dos compañeiros de Lourenzá, agradecer a todos a súa compañía.

¿Que dicir da subida ao Monte? Esta vez parecía máis empinada. Por un lado acababamos de saír dos excesos das Festas de Burela, e por outro aínda non recuperamos a forma pre-pandemia.

Inconvintes superados con creces pola ledicia que nos producía volver a estar xuntos e, pasiño a pasiño, ir recuperando as boas costumes.

Un pequeno cambio no trazado da ruta. O tramo máis empinado, a través do monte, despois do punto limpo, bordease pola estrada, cambio que non lle resta nada de atractivo. De feito moitos roteiros xa o facían a cotío.

Superado o "traballo" matutino, chega a recompensa. Sesión vermú, comida e baile, en unha paraxe natural que nunca deixa de sorprenden.

Co noso animador de cabeceira "Juan e a súa guitarra" escomenza a troula.

Bo tempo, magnífica comida e mellor compañía. ¿Que máis se pode pedir para un día redondo?

Longa vida para este tipo de asociacións. Non sei se sairíamos mellores, o que si sei é que deberíamos saír todos xuntos.

¡Ata o ano que vén!